



Europa sen baterÃÃas

Description



A aposta polas enerxías renovables, seguras, e non contaminantes, est en boca de todos, pero sen o compromiso firme de ningun. Un exemplo prctico son os autombiles de hidroxeno ou os hbridos, contra a insistencia nos combustibles fsiles. O hidroxeno pode empregarse en motores de combustin interna, e xa existe un uso experimental por parte de empresas como Chrysler-BMW. Pero a entente entre as petroleiras, automobilsticas e os estados interesados nos impostos sobre os carburantes, funcionou ben ata o de agora, e dificultou a entrada de innovacin e alternativas. (Foto: Os motores Flex-fuel poden funcionar con gasolina ou cun combustible no que o 85 por cento  etanol. ©European Community).

Adoitase evocar a Europa como un xigante con pes de lama, e non  necesario indagar moito para que as razns saian a flote. Trtase dun problema con das variantes. Unha poltico-social, que incle a falla de compromiso coa unidade poltica, a preeminencia do egosmo estatal, a competencia insolidaria polo reparto das axudas, a desconfianza ou falla de entrega cun ideal europesta... que  mesmo tempo se suma a outros problemas crnicos de orde material: unha realidade de limitacins materiais, entre as que destacan os dficits en R&D, co conseguinte atraso tecnolxico e de competitividade, problemas de estancamento econmico e desemprego, deslocalizacins, e profundas carencias en materia de defensa e, por riba de todo, a dependencia enerxtica que preocupa de cara  competitividade futura, agora que as puxantes China e India, entre outros, ameazan con romper os esquemas da orde internacional.

As cifras da dependencia enerxtica son mis que alarmantes: 45% de importacins de petrleo de Oriente Medio, cunha estimacin que se achega  90% para o 2030, 40% de gas con carn ruso, que se cre sobrepasar o 60% despois do 2030, ou a tamn preocupante dependencia das importacins do carbn, por riba do 66% para 2030, son algns indicativos que anuncian defuncin, se non se toman as medidas oportunas. Nestes das pasados, a indigestin ruso-ucrana por culpa do gas, veu espertar algunhas adormecidas consciencias europeas, aquelas mis esgrevias  unidade de accin poltica continental. A desconfianza cara Rusia e acerca da estabilidade neste inmenso pas, motivou o lanzamento dunha estratexia para implicala na vida econmica internacional e garantir as o cumprimento dos compromisos, asegurando o acceso de Europa s recursos petroleiros e gassticos deste vasto territorio (que contn un terzo das reservas mundiais), asegurndolle crecemento a cambio de garantas no subministro.

Non obstante, o Dilogo Enerxtico entre Rusia e a UE, que comezou en outubro do 2000, tivo un progreso escaso. As negociacins, a partires de catro espazos: econmico, legal, de seguridade e investigacin, avanza como o sprint dunha tartaruga. Mentres, foronse sucedendo acordos bilaterais paralelos entre Rusia e algns estados europeos que se descolgan dunha aproximacin conxunta que dara prioridade a abrir o mercado ruso da enerxa e a mellorar un entorno econmico que garanta as inversins, ademais dos compromisos co cambio climtico e a seguridade atmica.

A estratexia europea, a pesares da lentitude,  sutil e seductora e sera bo que se aplicara con compromiso, solidariedade, e franqueza, e non simplemente con afn de garantir o subministro de gas, carbn ou petrleo. A dependencia dos combustibles fsiles obriga a un esforzo orzamentario para intentar promover a cooperacin e a reforma nos pases

veciños, que a pesares de ser moralmente necesario, non nace dunha intención nobre de cooperación, senón que ven adulterado polas necesidades de subsistencia enerxética inmediatas. A Comisión Europea, deseñou unha estratexia para o caso, que utiliza accións operativas (Action Plans), e, a partires do 2007, o European Neighbourhood Partnership Instrument, que está en discusión no Consello e no Parlamento Europeo, e que tece unha rede de interdependencia na que se poden enredar os países veciños con recursos extractivos de interese, para así facilitar as reformas necesarias que aseguren os investimentos europeos en contextos de inestabilidade, como poidan ser os países do Magreb ou mesmo Rusia.

No ámbito das perspectivas financeiras, a Comisión ten previsto gastar 15 billóns de €, do 2007 ó 2013, para incentivar as reformas políticas e económicas. Non hai, pola contra, seguridade acerca de como se gastarán eses recursos. Incluso pódese afirmar que é unha propina por un bo servizo, unha propina pagada polo consumidor.

Entón, que pasará cando se acaben os combustibles fósiles ou a dependencia sexa tan grande que se nos atragante o prezo a pagar? Pasaremos de chamarlle cooperación financeira a extorsión? Ou simplemente esta é unha estratexia que responde a unha necesidade de gañar tempo, mentres se aclaran as ideas e se actúa en consecuencia? De calquera maneira, intúese a necesidade de elaborar unha estratexia diferente, máis aló das necesidades curtopracistas das multinacionais. A aposta polas enerxías renovables, seguras, e non contaminantes, está en boca de todos, pero sen o compromiso firme de ninguén. Un exemplo práctico son os automóviles de hidróxeno ou os híbridos, contra a insistencia nos combustibles fósiles. O hidróxeno pode empregarse en motores de combustión interna, e xa existe un uso experimental por parte de empresas como Chrysler-BMW. Pero a entente entre as petroleiras, automobilísticas e os estados interesados nos impostos sobre os carburantes, funcionou ben ata o de agora, e dificultou a entrada de innovación e alternativas.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europe ARCHIVE

IDIOMA

Galego

Date Created

January 17, 2006

Meta Fields

Autoria : 3746

Datapublicacion : 2006-01-17 00:00:00